



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

A EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante COAG) é unha Corporación de Dereito Público regulada pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais; a Lei 11/2001 do 18 de setembro, de Colexios Profesionais de Galicia; polos Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e seu Consello Superior (aprobados por Real Decreto 129/2018, de 16 de marzo) así como polos seus Estatutos particulares (aprobados por Decreto 105/2016, de 21 de xullo). Entre os seus fins esenciais encóntrase procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos ao servizo da sociedade, promover a investigación e a difusión da arquitectura, e entre as súas funcións "apoiar aos arquitectos no exercicio profesional constituíndo e prestando todo tipo de servizos, incluídos os de información profesional e técnica e formación permanente" así como colaborar, entre outras, con institucións ou entidades de carácter formativo. Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 7.3 da Lei de Colexios Profesionais de Galicia a

Rúa Madrid 2 – 4
15.707 – Santiago de Compostela
Tfno: 981546044/5. Fax: 981546337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>





Comunidade Autónoma de Galicia poderá celebrar convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común.

(2) Obxecto

O obxecto deste acordo é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

A EGAP e o COAG adquiren os compromisos previstos no acordo de colaboración e en concreto na súa cláusula segunda.

(4) Impacto económico

A sinatura deste acordo non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos de vixencia deste acordo.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do acordo non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizase co COAG un acordo de colaboración por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas

Rúa Madrid 2 – 4
15.707 – Santiago de Compostela
Tfno: 981546044/5. Fax: 981546337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>





partes ata o 31 de decembro do 2029, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as relacións entre a EGAP e o COAG para a convocatoria e desenvolvemento de actividades de formación, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os seus principios para resolver posibles dúbidas e lagoas.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

A directora da EGAP

PDS (Resolución do 11/03/2025)

O xefe do servizo Económico-Administrativo

José Antonio González Failde

